

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL PONTEVEDRA

#### Persoal, oposicións

*LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E A COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES DE INTENDENTE, INSPECTOR E OFICIAL NA POLICÍA LOCAL, OEP 2015*

#### A N U N C I O

*“RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR PERSOAL E PATRIMONIO POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E A COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES DE INTENDENTE, INSPECTOR E OFICIAL NA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2015*

Publicadas no BOP núm.124, do xoves 30 de xuño de 2016, as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no corpo da Policía Local do Concello de Pontevedra, incluídas na OEP 2015, realizados os trámites pertinentes para a formación dos Tribunais cualificadores e finalizado o período establecido para a presentación de instancias (do 18/08/2016 ao 06/09/2016, ambos inclusive), esta Concellería de Goberno, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas,

#### R E S O L V E

*Primeiro.—LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS*

Aprobar as listas provisionais de aspirantes admitidos e excluídos ás probas de selección convocadas para a cobertura de prazas vacantes de intendente, inspector e oficial da Policía Local do Concello de Pontevedra incluídas na OEP do ano 2015, segundo se relacionan a continuación.



**PRAZA: INTENDENTE***PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)**ASPIRANTES ADMITIDOS*

1 GONZÁLEZ ABAL, JOSÉ MANUEL

*ASPIRANTES EXCLUÍDOS*

Ningún

**PRAZA: INSPECTOR***PROMOCIÓN INTERNA (2 PRAZA)**ASPIRANTES ADMITIDOS*

1 CASTRO MENÉNDEZ, JAVIER

2 DIAZ OUTEDA, DIEGO

3 DUARTE SOLLA, JOSE MANUEL

*ASPIRANTES EXCLUÍDOS*

Ningún

**PRAZA: OFICIAL***PROMOCIÓN INTERNA (2 PRAZAS)**ASPIRANTES ADMITIDOS*

1 ACUÑA ALVARIÑA, ANA BELÉN

2 CARAMES NOGUERO, JOSÉ

3 DOMINGUEZ MAYA, JOSE LUÍS

4 FERNÁNDEZ NOVAS, JOSÉ ANTONIO

5 GAMALLO MAQUIEIRA, RAMÓN

6 GARCÍA LAREU, LUÍS MIGUEL



7 GONZALEZ GONZALEZ, MANUEL RICARDO

8 RODRÍGUEZ VILA, ÓSCAR

9 SOUTO CALVIÑO, BENITO

*ASPIRANTES EXCLUÍDOS*

1 ABILLEIRA ARGIBAY, JUAN JOSÉ (1)

**PRAZA: OFICIAL**

*MOBILIDADE HORIZONTAL (1 PRAZA)*

*ASPIRANTES ADMITIDOS*

1 ACUÑA MARTÍNEZ, LUÍS ALBERTO

2 IGLESIAS OTERO, OBDULIO

3 SUÁREZ PIÑEIRO, ADOLFO

*ASPIRANTES EXCLUÍDOS*

1 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, DANIEL (2)

*Segundo.—MOTIVOS DE EXCLUSIÓN E RÉXIME DE SUBSANACIÓN.-*

Os números cardinais sinalados xunto ao aspirante excluído, relacionado para o proceso selectivo no punto anterior, identifícanse cos seguintes motivos de exclusión:

(1) Pola non presentación do xustificante de aboamento dos dereitos de exame debidamente selado ou mecanografiado pola entidade bancaria.

(2) Por non acreditar unha antigüidade mínima de 5 anos na categoría de oficial.

De conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (aplicable ao procedemento en virtude da letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas), os aspirantes excluídos ou aqueles que puideran resultar omitidos, por non figurar na relación provisional de admitidos ou de excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles (considerándose hábiles os sábados ao abeiro do artigo 48 da dita Lei 30/1992), a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.



Para ditos efectos deberá presentarse a documentación correspondente no Rexistro Xeral deste Concello ou nas demais formas que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, no prazo sinalado.

Advírtese aos interesados que, de non procederse á subsanación, en cada caso de que corresponda, serán declarados definitivamente excluídos.

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a presente resolución, de non presentarse reclamación algunha, a lista provisional de admitidos elevarase a definitiva. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución, estimándoas ou desestimándoas.

A resolución pola que se resolvan as reclamacións, aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos e publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello.

#### *Terceiro.—TRIBUNAL CUALIFICADOR*

O tribunal cualificador do proceso selectivo convocado quedará integrado da seguinte forma:

### **UNHA PRAZA DE INTENDENTE (PROMOCIÓN INTERNA)**

#### *Presidente:*

- Don Daniel Macenlle Díaz, intendente principal da Policía Local, sendo a súa suplente dona María del Mar Lamoso Varela, xefa do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais.

#### *Secretaria:*

- Dona Alicia Paula Otero González, xefa do Gabinete da alcaldía do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona Marta de las Heras Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación.

#### *Vogais:*

- Dona María Barrera Aldemira, intendente xefa da Policía Local do Concello de Ourense, sendo o seu suplente don José Manuel Torres Corredoira, enxeñeiro adxunto á OTMAIES.
- Don Francisco Martínez Muñoz, intendente xefe da Policía Local do Concello de Vigo, sendo a súa suplente dona Rosa María Magdalena Fernández, arquitecta da OTAP.
- Don José Antonio Branderiz Castelo, intendente xefe da Policía Local do Concello da Coruña, sendo o seu suplente don Jesús Gómez Viñas, xefe da OTMAIES.



**DÚAS PRAZAS DE INSPECTOR (PROMOCIÓN INTERNA)***Presidente:*

- Don Daniel Macenlle Díaz, intendente principal da Policía Local, sendo o seu suplente don José María Campos Durán, xefe do Servizo de Disciplina Urbanística, Medio Ambiental e Policía Administrativa.

*Secretaria:*

- Dona María del Mar Lamoso Varela, xefa do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais, sendo a súa suplente dona María de los Desamparados San Martín Zamácola, xefa do Servizo de Persoal.

*Vogais:*

- Dona María del Carmen Roca López, inspectora principal da Policía Local do Concello de Vilagarcía de Arousa sendo o seu suplente don José Antonio Rey Núñez, técnico en prevención de riscos laborais do Servizo de Persoal.
- Don Manuel Ferreiro Expósito, inspector da Policía Local do Concello de Sanxenxo, sendo o seu suplente don Manuel Otero Rajoy, enxeñeiro industrial da OTLI.
- Dona Mercedes Seijo Orjales, técnica media de xestión do Servizo de Persoal, sendo a súa suplente dona Montserrat González Pérez, técnica media de xestión do Servizo de Xestión Tributaria e Outros Ingresos de Dereito Público

**TRES PRAZAS DE OFICIAL (DÚAS POR PROMOCIÓN INTERNA  
E UNHA POR MOBILIDADE HORIZONTAL)***Presidente:*

- Don José Manuel González Abal, inspector principal da Policía Local, sendo o seu suplente don Daniel Macenlle Díaz, intendente principal da Policía Local.

*Secretaria:*

- Dona María del Mar Lamoso Varela, xefa do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais, sendo a súa suplente dona Patricia Rivadulla Rodal, xefa do Servizo de Taxas e Outros Ingresos de Dereito Público.

*Vogais:*

- Dona Pilar Peón Omil, inspectora da Policía Local, sendo o seu suplente don José Luís Sánchez Solla, oficial da Policía Local.
- Don Jesús Javier Cal Ucha, inspector da Policía Local, sendo o seu suplente don José Javier Peón Justo, inspector da Policía Local.



- Dona Mercedes Seijo Orjales, técnica media de xestión do Servizo de Persoal, sendo a súa suplente dona Montserrat González Pérez, técnica media de xestión do Servizo de Xestión Tributaria e Outros Ingresos de Dereito Público.

Os membros do Tribunal cualificador poderán ser recusados, cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

*Cuarto.*—A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria e , de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é <http://sede.pontevedra.gal> (antigamente Páxina Web do Concello de Pontevedra [www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu)).

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra a catro de outubro de dous mil dezaseis ante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente resolución.”

Pontevedra, 4 de outubro de 2016.—O Concelleiro de Goberno, Vicente García Legísima.

